

A MÚSICA EN GRECIA

1. Sistema musical:

O sistema musical grego baséase no **tetracordo**: unha sucesión de catro notas en sentido descendente. A unión de dous tetracordos daría lugar a unha escala similar á actual. Hai varios tipos de tetracordos, que igual que as escalas actuais maiores e menores, teñen unha sonoridade diferente dependendo da distancia entre as notas, non da altura das mesmas.

A música grega era monódica, improvisada e estaba unida a un texto. A miúdo diversos instrumentos ornamentaban a melodía, o que daba pe á heterofonía.

MODOS GRIEGOS
Unión de dos tetracordos

<http://almudenaenlenguajemusical.wordpress.com>

2. Usos:

A música estaba sempre asociada a letras ou bailes. A súa melodía e ritmo estaban profundamente unidos á melodía e a ritmo da poesía. Nos cultos relixiosos, no teatro e nas grandes competicións públicas había cantores e danzantes.

Cultos relixiosos: desde os tempos máis primitivos, a música foi inseparable das cerimoniais relixiosas. No culto a Apolo, a lira era o instrumento característico, mentres que no de Dionisio era o aulos. O dobre aulos úsabase vinculado a certo tipo de poesía (O ditirambo), a partir do cal créese que se desenvolveu o teatro grego.



Teatro: O teatro grego, ademais de contar co son do aulos, era total ou parcialmente cantado. Temos a seguridade de que os coros cantábanse, e é posible que a totalidade da obra tamén.

Competicións públicas: Aparte de acompañar a diversos torneos, tamén existían competicións musicais e festivais de música vocal e instrumental.



3. Música e filosofía:

Poseemos moita máis información sobre as teorías musicais dos gregos que sobre a música propiamente dita.

As teorías eran de dúas clases:

a) Doctrinas acerca da natureza da música, o seu lugar no cosmos e os seus efectos:

- A música está relacionada co universo e co movemento dos planetas.
(ver vídeo da teoría das esferas)
- Doctrina do Ethos: cada tipo de música produce un efecto diferente sobre o oínte, así haberá modos que infunden valor, outros que crean calma...
“Deixádeme facer as cancións dunha nación e non me preocuparei por quen faga as súas leis” expresaba a máxima política platónica.

b) Descricións da teoría musical :

Pitágoras mediante o monocordio estableceu as relacións entre un son fundamental, a súa octava, quinta e cuarta. Estas relacións entre os sons serán as que se teñan en conta ao facer as primeiras polifonías na Idade Media.

